

# A MORTE DE STALIN

[Armando Iannucci, 2017]

# 354

ESTREA EN NUMAX: 09.03.2018 | V.O.S.E. | +16

*The Death of Stalin* (2017, 106')

**Dirección:** Armando Iannucci

**Guión:** Armando Iannucci, David Schneider, Ian Martin, Peter Fellows (Cómico: Fabien Nury)

**Elenco:** Steve Buscemi, Olga Kurylenko, Andrea Riseborough, Jason Isaacs, Paddy Considine, Jeffrey Tambor, Michael Palin, Rupert Friend, Simon Russell Beale

**Son:** Alex Sawyer

**Montaxe:** Peter Lambert

**Vestuario:** Suzie Harman

**Dirección de arte:** ane Brodie, David Hindle

**Música:** Christopher Willis

**Fotografía:** Zac Nicholson

**Produtoras:** Quad Productions, Main Journey, Free Range Films (Reino Unido)

**Distribuidora:** Avalon

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA

*Veep*, 2012 [TV]

*In the Loop*, 2009

## PREMIOS E FESTIVAIS

BAFTA 2018 (Nomeado a mellor filme británico e mellor guión adaptado), British Independent Film Awards (13 nominacións e 4 premios), Torino 2017 (Premio FIPRESCI), Toronto 2017 (Sección Plataforma)

## SINOPSE

A noite do 2 de marzo de 1953 morreu un home. Ese home é Josef Stalin, ditador, tirano e Secretario Xeral da URSS. E se xogas as túas cartas ben, o posto agora pode ser teu. Unha sátira sobre os días previos ao funeral do pai da nación. Dúas xornadas de duras pelexas polo poder absoluto a través de manipulacións, luxurias e traizóns.

«Interpretada cunha potencia glacial e implacábel por un reparto de primeiro nivel. Todos o fan ben»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN



## “Só me involucro en proxectos que non se teñan feito antes”

**Entrevista a Armando Iannucci no Festival de Cinema de Rotterdam**

**Unha comedia sobre Stalin semella unha idea difícil de vender.** Pois foi todo moi rápido, fixemos o guión, fomos á Gaumont e axiña financiaron o filme. Tamén fomos lixeiros á hora de escoller o elenco e gravar o filme. Entendo que haxa quen pense que é difícil de vender pero funcionou moi ben no boca a boca no Reino Unido e semella que xerou moito entusiasmo no público.

**Pode deberse a que o proxecto é ben orixinal.** A razón pola que até agora só fixen dúas películas para cinema débese a que só me involucro en proxectos que non podo imaxinar nas mans doutra persoa, ou cando sinto que non se ten feito antes nada semellante. Doutro xeito non sinto a necesidade de realizar. Especialmente porque os filmes ocúpannos dous anos da nosa carreira, cómpre ter unha razón moi especial para facelos. Tamén estou contento de que o filme xere certa incomodidade.

**Debe ser diferente o teu traballo para televisión que para cinema.** Si, pero ten en conta que moito do material que creei para televisión foi dirixido por min mesmo, como sucede como varios episodios de *Veep*. O que cambian son

as opcións. Son un anticuado e teño a ilusión de que este filme vai ser visto en pantalla grande, e así é como concibín a nivel de composición de imaxe. Facer televisión é máis anónimo, nunca coñeces o público, ven o filmes en grupos de unha, dúas ou tres persoas. Cando fas un filme encóntraste con espectadores todo o tempo! Fas coloquios, escoitas as súas opinións. Iso é importante, doutro xeito convérteste nalgún illado e esquivo. Gústame o feito de que cun filme podes crear un universo enteiro... e rematalo! Non tes que facer outros 20 ou 30, como nas series. Pola contra só tes unha opción para facelo ben. Na televisión fas un piloto para ver o que funciona e o que non, e con cada episodio tentas ofrecer algo novo. Cando te encontras nunha terceira ou cuarta tempada, sentes que tes que deixalo xa. Nun filme hai moita máis consideración e preparación.

### **Existe algún paralelismo entre o ditador e o director?**

Considerabelmente. Cando estás no set de rodaxe tes a palabra final en todo o proceso. A miña muller sempre me di que cando deixo de rodar tardo dúas ou tres semanas en cambiar o rol. Cando volvo a casa sigo a dar ordes a todo o mundo: Imos dar un paseo! Ti, colle o can. Dáme unha cunca de té. No set convérteste nunha sorte de Deus, e máis tarde na sala de montaxe o mesmo, tes o poder. Tamén me gustaría dicir, na miña defensa, que nunca fun responsábel da morte de millóns de persoas.

Publicado en [www.iffrr.com/](http://www.iffrr.com/)

## Nota de produción

Cando Josef Stalin, o home que gobernara a Unión Soviética durante 33 anos, sofre un derrame o 2 de marzo de 1953, comeza unha loita encarnizada entre os seus subordinados para facerse co liderado. Dous días de loucura nos que un grupo de homes adultos sobrepasan o humanamente correcto para se sumir no máis profundo disparate. Esta incríbel pero certa historia serviu de inspiración para a novela gráfica *The Death of Stalin* creada por Nury e Thierry Robin. Para o director Armando Iannucci o reto era facer críbel un filme cómico nese contexto e mostrar o que estaba a pasar detrás dese mundo tan escuro. Cando Iannucci comezou a adaptar a novela gráfica ficou atónico cos feitos xa que parecían moi excéntricos para ser reais. O reto dos guionistas era encontrar o punto medio entre o humor absurdo e a brutalidade da ditadura. «Todos os personaxes son crueis pero chegas a encariñarte con algúns», afirma o director, «quería que o público recordase que as accións e decisións dos personaxes tiveron consecuencias devastadoras, polo que tes que deliberar moito e ter todas esas capas en conta na película».

Publicado en [www.avalon.me/](http://www.avalon.me/)  
Traducións: Xan Gómez Viñas

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

**Abónatete  
e ven sempre  
por 4,5€**

**Faite  
NUMAX!**